



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Tendo recibido neste centro directivo diferentes alegacións en relación con algunha das cuestións referidas no escrito desta dirección xeral de data 1 de abril de 2013, sobre a valoración do criterio complementario aprobado por distintos centros educativos ao amparo do establecido no artigo 9 do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, de admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos, e no artigo 28 da Orde do 12 de marzo de 2013, cómpre significar que as observacións realizanse no marco do recollido na disposición derradeira primeira da devandita orde, e tendo en conta que, á vista da casuística existente, considérase procedente formular as aclaracións oportunas aos centros docentes coa finalidade de que o procedemento se axuste ao disposto na normativa de referencia.

Non obstante, no relativo ao recollido nos puntos 3 e 4 da citada comunicación, cómpre matizar o seu contido no seguinte sentido:

3. Considerar a viabilidade da elección de criterios relacionados coa escolarización en garderías ou escolas de educación infantil que imparten o primeiro ciclo da etapa (0-3 anos), dado que malia ser centros non pertencentes ao ámbito de competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, non parece razoable a súa exclusión por razón de que se trata de ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e, por tanto, dentro do seu ámbito de aplicación.

4. A adopción dun criterio relativo á existencia dun vínculo familiar do/da alumno/a con antigos/as alumnos/as debe especificarse con claridade, cunha referencia expresa ao grao de parentesco, suxeríndose que, como máximo, se contemplen familiares ata o segundo grao de consanguinidade (entendendo que existe unha certa analoxía coa configuración dunha unidade familiar básica en base ao regulado noutras normas), tratándose, en todo caso, dunha proposta que pretende fixar unha certa uniformidade no suposto de acordarse este criterio.

Reiterar que, en todo caso, a competencia para aprobar o criterio complementario corresponde ao consello escolar ou á titularidade do centro, segundo os casos, nos termos establecidos no artigo 9.3.i) do Decreto 254/2012, do 13 de decembro e no artigo 28 da Orde do 12 de marzo de 2013, polo que calquera observación que se realice aos centros docentes será a título de recomendación, para que estes, se así o consideran, modifiquen o acordo seguindo o procedemento establecido.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2013

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez